


CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA VACACIÓNS EN PAZ.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Rafael Cuíña Aparicio Alcalde do Concello de Lalín designado na sesión do Pleno da Corporación do 13 de xuño de 2015 na súa condición de alcalde de acordo co artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en representación do Concello de Lalín.

E doutra D^a. Maite Isla Avión con DNI 35544300P, en calidade de Presidenta da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí con CIF G15924558 e domicilio en R/ Alcalde Gregorio Espino, 57 - Vigo, segundo o disposto no artigo 24 dos seus Estatutos.

MANIFESTAN



PRIMEIRO.- O artigo 3 da Convención sobre os Dereitos dos Nenos, ratificada por España o 31 de decembro de 1990, establece que en todas as medidas concernentes aos/as nenos/as que tomen as institucións públicas ou privadas de benestar social, os tribunais, as autoridades administrativas ou os órganos lexislativos, a consideración primordial á que se atenderá será o interese superior do/a neno/a.



SEGUNDO.- A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no seu artigo 3, establece como algún dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais *dar protección e oportunidades sociais e educativas a menores de idade e a aquelas outras persoas que se atopen en situación de conflito ou de desamparo* así como *sensibilizar,*

informar e promover valores de solidariedade e integración na sociedade galega.

TERCEIRO.- A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no seu artigo 4, di que o sistema de servizos sociais rexerese, entre outros, polos principios de *solidariedade* en canto os poderes públicos fomentarán a solidariedade como valor inspirador das relacións entre as persoas e os grupos sociais e impulsarán a implicación cidadá na superación das condicións que provoquen situacións de marxinación e de *coordinación* para promover a creación e desenvolvemento de instrumentos e mecanismos de relación interadministrativa así como coas entidades integradas no sistemas de servizos sociais que garantan unha actuación coordinada no eido do benestar social e da igualdade.

CUARTO.- Que se entende queda debidamente acreditado o interese ou finalidade pública da axuda que, en virtude deste Convenio, aporta o Concello de Lalín ao abeiro da Base 25 de Execución do Orzamento do Concello de Lalín para o ano 2017. Así e atendendo ao interese do obxecto do presente convenio, no Orzamento do Concello de Lalín para o exercicio 2017, dotouse a partida 231.489.29 cunha subvención nominativa para a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí.

QUINTO.- Que a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí ten entre os seus fins:

- 
- a) Auspiciar iniciativas que favorezan o intercambio cultural, social, económico e político entre o pobo saharauí e o galego.
 - b) Propiciar e desenvolver proxectos de asistencia humanitaria e programas de cooperación co pobo saharauí.

SEXTO.- Que a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí desenvolve o programa Vacacións en Paz que se expón nun marco de solidariedade e axuda desinteresada, co fin de proporcionar unha estancia agradable e humanamente rica aos/ás nenos/as saharauís en Galicia.

En virtude do exposto, e no exercicio das competencias que lles son propias, as partes que interveñen están interesadas en establecer o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

O presente Convenio ten por obxecto regular a colaboración do Concello de Lalín coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí para o desenvolvemento do programa *Vacacións en Paz 2017* polo que **dous menores saharauís** estiveron acollidos con familias lalinenses durante os meses de verán.

SEGUNDA.- Obxectivos do programa.

- Garantir o dereito á saúde dos/as menores realizando a tal fin os controis médicos pertinentes.
- Garantir as necesidades fundamentais dos/as menores.
- Asegurar súa integridade física e emocional dos/as menores.
- Respectalas súas crenzas.
- Favorecer a súa integración no seu medio durante a súa estadía no noso país.
- Respectar o marco legal dos dereitos dos/as menores, tendo en conta que xa teñen a súa familia no seu país coa que teñen que volver o remate do período vacacional.
- Garantir o regreso ao seu país coas súas familias.
- Perfeccionar a aprendizaxe da lingua castelán e galega.
- Ofertar unha alternativa de ocio e tempo libre.
- Evitar a estancia dos/as menores nos campamentos durante os meses de xullo e agosto por teren as temperaturas máis altas.

TERCEIRA.- Contido do programa Vacacións en Paz.

O programa Vacacións en paz consiste en trasladar a nenos/as saharauís, procedentes dos campamentos de refuxiados saharauís en Tindouf (Alxeria), para pasar dous meses de verán en Galicia. No ano 2017 foron **dous os/as menores saharauís** acollidos por familias lalinenses. O custo do traslado (**890€/menor**) inclúe o billete de avión de ida e

volta dende Tindouf a Santiago así como a póliza de seguro de responsabilidade civil, seguro colectivo e de repatriación.

CUARTA.- Obrigas da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí .

1. Organización do programa Vacacións en Paz 2017 no Concello de Lalín.
2. Responsabilidade do desenvolvemento do programa Vacacións en Paz 2017 no Concello de Lalín facendo un seguimento exhaustivo do proxecto conxuntamente coa Delegación Saharauí para Galicia para que todos os compromisos se cumpran.
3. Estar a disposición do Concello de Lalín e das familias lalinenses acolledoras para facilitar asesoramento e axuda na resolución de problemas que podan xurdir.
4. Organización de unha xuntanza de convivencia entre os nenos saharauís e as familias acolledoras.
5. Organización de eventos e actividades para a difusión dos obxectivos que a Asociación pretende acadar e para conseguir financiamento para sufragar os custos dos billetes dos/as nenos/as acollidos con familias lalinenses.
6. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral do Concello de Lalín e/ou pola Concellería de Benestar, polo Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente convenio.



QUINTA.- Obrigas do Concello de Lalín.

1. Difusión do programa Vacacións en Paz, en colaboración coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, entre a poboación lalinense.
2. Recepción no Concello e presenza na entrega dos/as menores ás familias acolledoras.
3. Presenza no acto de despedida dos/as menores.
4. Entrega da cantidade á que fai referencia a cláusula sétima co que se contribúe ao financiamento de parte dos custes que supón o desprazamentos dos/as menores dende Tindouf a Santiago de Compostela .

SEXTA.- Natureza.

Este Convenio ten unha natureza puramente de colaboración, entendendo que as cantidades ás que o Concello de Lalín se compromete coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, son para cubrir gastos esenciais das actuacións a desenvolver no marco deste convenio, polo que non se pode referir a este Convenio ningunha natureza laboral, mercantil, civil ou de calquera outra clase xurídica.


A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio co Concello de Lalín, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir ao Concello responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

Polo que a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí obrígase a ter suficientemente cuberto, coas pólizas e seguros que foran precisos, ao persoal que realice estas tarefas de colaboración, sen que o Concello teña ningunha obriga ao respecto, nin de aboar cantidade algunha para cubrir calquera risco.



SÉTIMA.- Financiamento e xustificación do gasto.

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lalín achegará no ano 2017 a cantidade de MIL QUINIENTOS EUROS (1.500 €) do orzamento municipal.



OITAVA.- Forma de Pagamento.

A cantidade a financiar polo Concello de Lalín á que se refire a cláusula anterior librarase logo de que a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí achegue a seguinte documentación:

- Memoria das actividades desenvolvidas no marco deste Convenio.
- Orzamento detallado de ingresos e gastos da actividade con expresión do seu financiamento.
- Certificado expedido polo/a Presidente/a relativo ao desenvolvemento das actividades polo que se acredite que a subvención foi destinada á finalidade para a que foi concedida, así como da obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados.

- Xustificación do gasto realizado, que se acreditará mediante orixinais ou copias cotexadas de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil. O gasto xustificado documentalmente deberá acadar, como mínimo, o importe do custo total da actividade subvencionada ou a suma das subvencións obtidas para a mesma finalidade.
- Xustificante, mediante transferencia bancaria, do pago da/s factura/s utilizadas para a xustificación.
- Declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas como pendentes de resolución, para a actividade obxecto deste Convenio.
- Certificación de que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

A presentación da última documentación farase, en todo caso, **antes do 1 de decembro de 2017.**

NOVENA.- Modificación do Convenio.



Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administración ou entes públicos ou privados, nacionais, internacionais, poderá dar lugar a modificación da contía da axuda contemplada no presente Convenio.

DÉCIMA.- Comisión de Seguimento.

Constitúese unha Comisión mixta de seguimento para a axeitada coordinación, avaliación e cumprimento do convenio.

Esta Comisión estará composta por:


Concello de Lalín :



Concelleiro de Benestar Social

Un/unha técnico/a da Concellería de Benestar Social

Representante Legal ou persoa/s na/s que delegue.



Concello de Lalín

A Comisión terá as seguintes funcións:

1. Efectuar o seguimento do grao de cumprimento do obxecto do convenio.
2. Resolver as controversias que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio.


UNDÉCIMA.-Duración.

O presente convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 1 de decembro de 2017.

DUODÉCIMA.- Resolución.

Son causas de resolución do presente convenio e darán lugar non seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas:

- Incumplimento total ou parcial das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
- Mutuo acordo.



DÉCIMO TERCEIRA.- Responsabilidades e causas de reintegro.

Son causas de reintegro da subvención, xunto cos xuros de demora correspondentes dende o momento do seu pago, as establecidas no Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaí quedará sometida ás responsabilidades e réxime sancionador establecidos na Lei Xeral de Subvencións e na Lei Xeral Orzamentaria.

DÉCIMO CUARTA.- Réxime Xurídico.

O presente convenio ten carácter administrativo e as lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lalín, previo ditame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena. Contra estas resolución e polo carácter administrativo deste convenio, poderanse interpor os oportunos recursos contencioso – administrativos. As cuestión litixiosas xurdidas da aplicación do presente Convenio, non resoltas en vía



CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

administrativa, serán resoltas pola Xurisdición Contencioso- Administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- Protección de Datos de Carácter Persoal.

A Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí comprométese a cumprir a Lei Orgánica 15/199, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e o Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

CONCELLO DE LALÍN

Asociación Solidariedade Galega co Pobo

Saharauí

O Sr. Alcalde

A Sra. Presidenta

Rafael Cuiña Aparicio

Maite Isla Avión

